

Concello de Covelo

ANUNCIO

BASES PROXECTO EDUCATIVO CONCILIACIÓN: ESCOLA DE VERÁN 2023 DO CONCELLO DE COVELO.

Dentro das actividades programadas polo Servizo de apoio e educación familiar para as crianzas do noso concello para o 2023 atopase a realización dunha Escola de verán, onde se aprobaron as seguintes bases por Decreto número 2023-0219 con data 9 de maio de 2023.

BASES:

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos da ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE COVELO 2023.

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra e por fondos procedentes do Plan Corresponsables da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de emprego e igualdade da Xunta de Galicia do Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar os nenos e nenas de 3 a 12 anos, preferentemente empadroados e empadroadas no Concello de Covelo.

Os criterios de selección (punto 8) e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e deben de ser acreditados xunto coa solicitude.

No caso de de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía avaliarase cada solicitude de maneira individual. No caso de persoas menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou dalgunha patoloxía esta circunstancia deberá facerse constar, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades. Se teñen praza adxudicada é necesario achegar informes médicos ou a documentación necesaria para poder valorar as súas necesidades na escola de verán.

3.- PERSOAS PARTICIPANTES

Establécese un número mínimo de 10 persoas participantes e un máximo de 31 persoas participantes.

4.- TEMPORALIZACIÓN

A Escola de verán realizarase en horario de 09.00-14.00 horas, de luns a venres, dende o día 3 ó 31 de xullo de 2023.

5. PREZO

Persoas empadroadas no Concello de Covelo: 20 €

Persoas non empadroadas no Concello de Covelo: 40 €



Concello de Covelo

* Prezos según a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de actividades lúdicas, recreativas, culturais, formativas e deportivas aprobado na Xunta Local de Goberno Local na sesión extraordinaria que tivo lugar o 7 de xuño 2019.

6.- ACTIVIDADES

As actividades que se realizan de cara á consecución dos obxectivos propostos serán variadas e se adaptarán as idades das persoas participantes e as instalacións. Realizaranse múltiples e variados obradoiros como por exemplo:

- Lúdicas e de animación (xogos populares, danzas, bailes...)
- Deportivas (ioga e outros deportes)
- Artísticas (obradoiros de manualidades, pintura e debuxo)
- Obradoiros sobre horticultura e medio ambiente, fauna e flora autóctonas.
- Excursións culturais, rastrexos...

7.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa, lúdica e educativa impartida por medio de actividades que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de todas as persoas participantes no mesmo, realizando actividades que faciliten e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada persoa; vinculada ó ocio educativo e sobre todo que se divirtan aprendendo nas súas vacacións.

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaranse e empregaranse de forma periódica para a avaliación e para a mellora continua.

8.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

8.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

8.2.- Inscripción. Anexo I

8.2.1- Documentación:

As nenas e nenos interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do Concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- ◆ Folla de inscrición.



Concello de Covelo

- ◆ DNI da nai, pai titora ou titor
- ◆ DNI da crianza ou libro de familia
- ◆ Tarxeta da Seguridade Social da crianza
- ◆ IRPF do ano 2021
- ◆ Certificado de discapacidade, no seu caso.
- ◆ Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán copia do contrato ou certificado de empresa co horario de traballo e vida laboral actualizada.
- ◆ Calqueira outra documentación que se estime conveniente na instrución do procedemento.

As persoas que desexen máis información sobre a Escola de Verán e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto cos servizos sociais municipais no teléfono: 986 650 027 ext.3.

- Inscricións: DO 10 AO 19 DE MAIO 2023

- Lista de persoas admitidas: 24 MAIO 2023

- Pagamento: DO 2 AO 9 XUÑO 2023

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

8.2.2.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Admitiranse as persoas participantes na escola de verán por rigoroso orde de inscrición sempre que:

A renda da unidade familiar, sumada a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2021 non supere os 45.000 €.

No suposto de que esta contía fora superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xerais e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, agás nos casos de custodia compartida. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o



Concello de Covelo

número de persoas computables. En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.

Terán prioridade:

1. Persoas empadroadas no Concello de Covelo.
2. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares.
3. Familias monomarentais e monoparentais.
4. Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.
5. Familias numerosas.
6. Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Concello de Covelo.
7. Persoas escolarizadas en centros públicos educativos do Concello de Covelo.

****No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder a Escola de verán todas as persoas participantes.**

8.2.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN.

O día 24 MAIO 2023 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

9.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia a escola de verán. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

10.- RECURSOS HUMANOS

Monitorado cualificado. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

11.-RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grapadora, grapas, clips, regras, abelorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de paus, prato, vasos, etc...
Aula con mesas e cadeiras para todas as persoas participantes.



Concello de Covelo

ESCOLA DE VERÁN 2023. CONCELLO DE COVELO
Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra e por fondos procedentes do Plan
Corresponsables da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de emprego e Igualdade da Xunta
de Galicia do Ministerio de Igualdade e da Secretaria de Estado de Igualdade e contra a Violencia de
Xénero

ANEXO I. SOLICITUDE

PERSOA SOLICITANTE: <u>PAL,NAI,TITOR OU TITORA</u>		
Nome:	Apelidos:	
DNI:	Telf :	
Correo electrónico:		
Enderezo:		
SOLICITO PRAZA PARA AS <u>CRIANZAS</u>:		
Nome e apelidos:		
Data nacemento:	/	/
Nome e apelidos:		
Data nacemento:	/	/
Nome e apelidos:		
Data nacemento:	/	/
OBSERVACIÓNS DE CADA NENO/A (necesidades especiais, alerxias, outras)		
AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON:Para a difusión e memoria de actividades	SI <input type="radio"/>	NON <input type="radio"/>
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA PERSOA MENOR NAS ACTIVIDADES:Informouseme e acepto as bases e normas de funcionamento e as actividades programadas na escola de verán de Covelo, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna con desprazamento en autobús.	SI <input type="radio"/>	NON <input type="radio"/>
AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	SI <input checked="" type="radio"/>	NON <input type="radio"/>



Concello de Covelo**PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:**

Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:

Documentación:

- DNI da persoa solicitante
- DNI da crianza ou de non telo Libro de Familia
- Tarxeta sanitaria da crianza
- Quen alegue necesidade por motivos laborais, deberán presentar copia do contrato ou certificado da empresa co horario de traballo e vida laboral actualizada.
- Informe xustificativo dos Servizos Sociais do Concello
- IRPF do ano 2021
- Certificado de discapacidade, no seu caso.
- Calqueira outra documentación que se estime conveniente na instrución do procedemento

Asinado		A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
Covelo, a	de	de 2023	Empadroado/a
			Non empadroado/a

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade adjudicataria, para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

O Alcalde
Juan Pablo Castillo Amigo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

